



**A PERSPECTIVA DE XÉNERO
NO ANTEPROXECTO DE LEI DE
ORZAMENTOS PARA O ANO 2019**

II. A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS PARA O ANO 2019

O orzamento pode definirse como o instrumento a través do cal se concreta a cantidade de recursos dispoñibles para levar a cabo os obxectivos das distintas Administracións públicas. Nel aparecen recollidas cuantitativamente as prioridades de gasto, así como os ingresos, e permite concretar o desenvolvemento das actuacións por áreas temáticas (saúde, educación, infraestruturas, política social, agricultura, pesca, etc).

Os orzamentos veñen sendo tradicionalmente asumidos como neutrais ao xénero por canto a percepción social maioritaria é a de que se deseñan e elaboran co obxectivo de que “afecten” a toda a sociedade dun xeito equitativo no que se refire ao impacto de xénero, e polo tanto, ignorando as diferenzas sociais nos roles, as responsabilidades e as capacidades entre mulleres e homes.

Non obstante, dado que a situación de partida dos homes e das mulleres en conxunto continúa a ser diferente e que continúan a ter diferentes roles sociais e económicos, prodúcese un menor acceso aos recursos, de tal xeito que un orzamento aparentemente neutral ao xénero, resulta ser na práctica un orzamento que non reconece estas diferenzas e polo tanto termina por manter ou agravar a situación inicial de desigualdade.

Neste sentido, unha análise do orzamento con enfoque de xénero consiste en determinar se este integra os temas de xénero en todas as políticas, plans e programas, ou se polo contrario, debido a unha suposta neutralidade de xénero, non se consideran os dereitos e necesidades específicas e diferentes das mulleres.

Un orzamento sensible ao xénero debe ter en conta tanto as necesidades básicas tendentes a aliviar as desigualdades de xénero a curto prazo, como consecuencia da discriminación existente cara as mulleres e a repetición de roles tradicionalmente masculinos e femininos, como as necesidades estratéxicas, tendentes a modificar as relacións de xénero en todos os ámbitos nos que incide, o que resulta fundamental para alcanzar unha igualdade real entre sexos.

A orde do Orde do 4 de xuño de 2018 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 109 do 08/06/2018), recolle como un dos eixos dos orzamentos “a mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica e a consecución dunha sociedade máis xusta que garanta a igualdade de oportunidades”.

Por outra banda, tamén recolle no seu artigo 5. Un que na elaboración dos orzamentos participará unha Comisión de análise e avaliación dos obxectivos dos programas de gasto, que será un grupo de traballo encargado de avaliar os obxectivos estratéxicos e operativos asignados aos distintos programas de gasto, así como a coherencia dos in-

dicadores de produtividade asignados a cada partida orzamentaria, prestando especial atención aos obxectivos transversais e aos principios horizontais do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Establece ademais que se constituirá unha comisión por cada sección e que de todas elas formará parte a secretaria xeral da Igualdade ou a persoa en quen delegue. Indica tamén o dito artigo que no seo desas comisións constituirase unha subcomisión de análise de xénero que analizará o impacto dos diferentes programas de gasto na erradicación das brechas de xénero detectadas.

No artigo 8.6, indícase que a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e do Instituto Galego de Estatística (IGE), elaborará un informe que permita coñecer a situación diferencial de mulleres e homes en relación cos distintos ámbitos prioritarios de intervención e a análise do impacto de xénero dos diferentes programas de gasto.

O VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 aprobado polo Goberno galego recolle entre as prioridades de actuación consolidar a acción transversal de xénero nos orzamentos.

Por todo isto, trabállase co obxectivo de incorporar de xeito transversal a igualdade de xénero nas fases de elaboración, execución e liquidación do orzamento, creando unha cultura de elaboración orzamentaria na que, de xeito paulatino, cada centro xestor sexa consciente da pertinencia de xénero e do potencial efecto dos seus programas de gasto na consecución da igualdade entre mulleres e homes